



MARTÍN SARMIENTO, DISFRAZADO DO POETA MARCOS DA PORTELA

Henrique Rabuñal

I

Desde que en 1859 Xoán Manuel Pintos, un dos primeiros estudiosos e divulgadores de Sarmiento, editara o *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* non deixou de concitar interese esta obra. Logo da de Pintos, López Peláez (1898), o profesor Pensado (1970), o profesor Axeitos Agrelo (1982) e máis recentemente o profesor Mariño Paz (1995) fixeron novas edicións da obra con relevantes contributos ao seu estudio e valoración. Tentaremos nestas liñas informar ao lector de *Raigame* do contido e o valor da obra no contexto da cultura galega do XVIII e no ámbito específico da bibliografía sarmentiana.

II

A viaxe que Martín Sarmiento realiza a Galiza nos anos 1745 e 1746 vaille permitir entre outras cousas un reencontro coa lingua oral galega, co idioma que o propio Sarmiento declara nos seus escritos ter mamado, aquel no que vivira os seus primeiros e determinantes quince anos de existencia (1695-1710). Como sempre, Sarmiento non escribe para publicar o que non quita que estexamos perante unha das obras claves do período que alguén ten denominado dos séculos escuros. Trátase dun conxunto de 1201 coplas hexasílabas, escritas nun galego depurado e nunha grafía etimoloxista con rima asonantada e/o (Merlos, Rego, Salcedo, Hermelo...) e dedicadas ao irmán co que Sarmiento tivo unha especial relación: Francisco


Xavier. Á marxe das coplas, Sarmiento redixe un glosario ou comentario erudito que chega unicamente ata a copla 195 e que contén diversas notas sobre asuntos moi caros ao bieito: botánica, filoloxía, toponimia, etc. O propio autor encárgase de esclarecer que non se considera poeta polo que o obxectivo das coplas é erguer un monumento de homenaxe e defensa da lingua galega nun dos momentos máis críticos dos seus usos escritos e da súa puxanza literaria. Os vinte catro galegos rústicos son vinte adultos e catro rapaces. Dos adultos catro son feirantas que venden a súa mercadería en Pontevedra e os restantes, catro mulleres e doce varóns, segadores en Castela. Os rapaces, dous nenos e dúas raparigas, traballan de criados en Madrid, escenario clave para os asuntos das coplas. O coloquio establece cando os rústicos voltan ás súas casas no Morrazo facendo unha parada nun monte alto e no chan de Parafita, no mesmo camiño que comunica o Ribeiro con Pontevedra. Convidan ademais a quen converte en coplas os seus diálogos, o poeta Marcos da Portela, quen se suma un sábado de setembro do ano 1746 a un xantar a base de pan e mariscos: os paisanos comen ameixas, ostras, centolas ou berberechos.

III

Sarmiento fai unha descrición idílica dunha paraxe que mistura o verde das terras e o azul do mar e do ceo, na que abundan as lebres e os coellos, desde onde se divisan estupendas paisaxes costeiras, como as illas de Ons e Tambo, Portonovo, San Xenso, Marín



“Desde que en 1859 Xoán Manuel Pintos editara o Coloquio de vinte catro galegos rústicos non deixou de concitar interese esta obra.”



ou Combarro ou o convento do Lérez. Sarmiento evoca tamén nas coplas a feira farta pontevedresa, celebrada os sábados na que se mercan e venden olas, potes ou cazolas, polos, pitas, años, pantrigos e queixos, mantas, navallas, etc. Marcos Portela chega ao lugar no que os rústicos daban conta xa do pantrigo da vila e do viño do ribeiro e logo de comer escoita, e reproduce nas coplas, as cousas que se dixeron. Os rústicos pintan un ano farturento nos “frutos colleitos” (104) e na “fartura de peixes” (107): cítanse crongos, melgachos, pintos, jorelos, polvos, badexos, robalos, camarons, pezebres, ameixas, maiz, centeo, millo, liño, berzas, allos, cebolas, nabos e uvas.

En Madrid, a noticia daqueles días era a morte do rei Felipe V e a coroación do novo rei Fernando VI, acontecementos por certo que deran lugar á escrita de numerosas coplas, ás que se suman estas do Marcos da Portela. Os que veñen da sega pouco saben do acontecido polo que serán os nenos que traballan na capital quen informen: Peruchiño, Maruxiña, Minguíña e Xepiño. Perucho, que aproveita para

denunciar as calamidades que pasa, conta como se producira a repentina morte, o nove de xullo, do rei “don Phelipo” logo de 46 anos de reinado. Sabe do acontecido por outros galegos na corte como un tal Ynaciño -vendedor de “avanos”-. Cando se vai pola tanxente e enreda a súa exposición recibe a oportuna reprimenda de Maruxa.

IV

Conta Perucho como Madrid chora a morte do rei, facendo soar con estrondo os sinos de igrexas e mosteiros. Tamén relata como lañaron o corpo real preparándoo para recibir o último adeus. O día 14, xa de



“Sarmiento evoca tamén nas coplas a feira farta pontevedresa, celebrada os sábados na que se mercan e venden olas, potes ou cazolas, polos, pitas, años, pantrigos e queixos, mantas, navallas, etc.”

Gravado de Villamil para “La Ilustración Gallega y Asturiana”.

noite, trasladan o corpo real do Retiro a “san Alifonso da Granxa”, e prodúcese un espectacular enterro: homes en bestas, tamborileiros, soldados a cabalo, cabaleiros da casa do rei en carricoches e calesas ou en cabalos, cregos e frades en mulas e facos coas alforxas cheas de viño e alimentos e detrás do defunto moitos cabaleiros, todos con instrumentos de iluminación como farois, fachas, candeas ou “cavecos”.

Maruxa pola súa parte quita ferro aos sucesos fúnebres abordando a coroación dos novos reis “Don Fernando el sexto” e a súa dona, unha rosa portuguesa. Conta unha anécdota da raíña para suliñar a súa calidade humana: vendo un frade levar o viático a un enfermo, a raíña baixa do seu carricoche e vai xunto ao doente ofrecéndolle consolo e tamén cartos.

É Minguíña quen confirma a festa de aclamación do novo rei que contara coa participación de cabaleiros, trompetas, alabardeiros, alguazilegos, maceiros e os grandes de España como un meniño galego que resulta ser o Conde de Altamira. Abundan nas coplas moitas comparacións da realidade galega e pontevedresa coas cousas e circunstancias vistas e vividas en Madrid. Corroborada por Xepiño, segue Minguíña dando pormenores da festa celebrada no retiro.

Presidida pola familia real e as primeiras autoridades ten lugar unha impresionante cabalgata. Nun momento dado o Conde de Altamira dá vítores ao novo rei e un home “panzudo” reparte entre a xente moedas de prata e ouro. A seguir a cabalgata vai á praza do concello e celébrase un espectacular refrixerio na casa do conde galego. Tampouco falta o castelo de foguetes no Retiro, os centos de foliadas, e a xente bebendo máis da conta.


V

Xepiño relata a recente constitución en Madrid por iniciativa dos galegos dunha numerosa confraría que escolle ao apóstolo Santiago por patrón e ao rei finado como primeiro irmán maior. Esa circunstancia explica que organicen na memoria do rei morto un importante acto que incluiu misa cantada e un sermón das honras predicado polo tamén galego Fr. Martín Salgado. As coplas rematan coas cábalas sobre a presenza no novo goberno do Conde de Maceda, os festexos que se preparan para cando o novo rei entre en Madrid o 10 de outubro, a fe posta en que o novo reinado traia sobre todo paz e xustiza e aínda



coas mutuas acusacións de Perucho e Maruxa de seren descendentes de xudeus. En 1975 o profesor Filgueira Valverde editaba 107 coplas como final das de Sarmiento aínda que os principais estudiosos da obra sarmentiana cuestionaron a súa autoría. Este polémico “remate das coplas” confirmaría que Perucho e Maruxa son familiares polo que deciden facer as paces e mesmo contemplar un hipotético casamento entre eles.

“En 1975 o profesor Filgueira Valverde editaba 107 coplas como final das de Sarmiento aínda que os principais estudiosos da obra sarmentiana cuestionaron a súa autoría.”



BIBLIOGRAFÍA

- Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago, CCG/USC, 1997, 2 vols.
- AGEITOS, J.L., “Sobre las coplas gallegas del P. Sarmiento”, *Verba*, 5, 1978, pp. 427-431.
- Boletín de la Real Academia Gallega*, T. XXXI, nº 353-354, 1971-1972 (Homenaxe a M. Sarmiento).
- Estudios dedicados a Fr. Martín Sarmiento. Artigos tirados dos Cuadernos de Estudios Gallegos (1945-1982)*, Santiago, C.S.I.C./I.E.G.P. Sarmiento, 1995.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé, “O remate inédito das ‘coplas’ galegas de F. M. Sarmiento”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIX, 1974-1975, pp. 7-22.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé, *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*, A Coruña, Fund. Barrié de la Maza, 1994.
- LÓPEZ PELÁEZ, Antolín, *Las poesías del Feijoo*, Lugo, Castro, 1898.
- MARIÑO PAZ, Ramón, “O Padre Sarmiento no seu tempo”, *Cadernos da Lingua*, 8, 1993, pp. 87-100.
- PENSADO, José Luis, *Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas*, Oviedo, Univ. de Oviedo, 1960.
- PENSADO, José Luis, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Vigo, Galaxia, 1974.
- PENSADO, José Luis, “O galego no século da Ilustración”, *Grial*, 102, 1989, pp. 183-198.
- PENSADO, José Luis, *Para achegámonos a Frei Martín Sarmiento*, Lugo, Citania, 1994.
- PENSADO, José Luis, *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*, 2ª ed., Salamanca, Xunta de Galicia, 1995.
- PINTOS, J. Manuel, *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega*, Pontevedra, J. Fraiz, 1859.
- RABUÑAL CORGO, Henrique, *O Padre Sarmiento: arquivo da lingua e cronista da patria*, A Coruña, Espiral Maior, 2002.

- SARMIENTO, Martín, *Vida y viajes literarios, número y calidad de los escritos del Rvdmo. P. M. Fray Martín Sarmiento*, Vigo, Monterrey, 1952, ed., prólogo e notas de Luis Viñas Cortegoso.
- SARMIENTO, Martín, *Colección de voces y frases gallegas*, Salamanca, Universidade de Salamanca, Obras lingüísticas del P. Sarmiento I, ed. e estudio por J. L. Pensado, 1970.
- SARMIENTO, Martín, *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, Salamanca, Universidade de Salamanca, ed. e estudio por J. L. Pensado, 1973.
- SARMIENTO, Martín, *Viaje a Galicia (1745)*, ed. de J. L. Pensado, Salamanca, Universidade de Salamanca e Museo de Pontevedra, 1975.
- SARMIENTO, Martín, “Coloquio de 24 gallegos rústicos” in *As coplas galegas do P. Sarmiento*, ed., notas e limiar de X. L. Axeitos, Sada, Eds. do Castro, 1982.
- SARMIENTO, Martín, *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*, Salamanca, Univ. de Salamanca, Obras Lingüísticas del P. Sarmiento III, 1986, ed. e estudio por J. L. Pensado.
- SARMIENTO, Martín, *Coloquio de vinte e catro gallegos rústicos*, Vigo, Consello da Cultura Galega, 1995, ed. de R. Mariño Paz.
- SARMIENTO, Martín, *A viaxe de Fr. Martín Sarmiento a Galicia en 1754*, ed. e índices de Xosé L. Pensado Tomé, Salamanca, Lectorado Galego de Salamanca, 1999.